

## PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA OS VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO CONCELLO DE AMES

### 1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente Prego é determinar as condicións técnicas que rexerán para a contratación do combustible para os diferentes vehículos e maquinaria do Concello de Ames.

A subministración de combustible inclúe os diferentes combustibles utilizados polos vehículos e maquinaria do Concello Ames, segundo se detalla neste Prego, incluíndo todos os vehículos que conforman a frota municipal así como a todos aqueles vehículos que durante a vixencia do contrato poidan incorporarse á mesma.

Todos os vehículos realizarán desplazamentos diarios dacordo ás necesidades dos servizos que prestan

### 2. OBXECTIVOS DO CONTRATO

Os obxectivos do presente contrato son:

-A consecución do mellor prezo na compra do combustible.

-A mellora no control do gasto a través de facturación detallada e individualizada por vehículo/ mes.

O contrato obrigará o subministrador á entrega de combustible de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que a contía total quede definida ao tempo de asinarse o contrato, ao ser as necesidades variables, definíndose estas con carácter estimado.

### 3. TIPO DE CARBURANTES A SUBMINISTRAR

-Gasolina sen chumbo 95.

-Gasóleo A.

Os combustibles subministrados non serán diferentes ou distintos daqueles que se expendan nas estacións de servizo para o seu consumo en xeral, nin incumprirán as normas ou preceptos legais específicos que permitan a súa venda normal.

Cada produto a subministrar axustarase en todo momento ás especificacións técnicas dos combustibles previstas no R.D. 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fuelóleos e gases licuados do petróleo, regúlase o uso de determinados biocarburentes e o contido do xofre dos combustibles para uso marítimo, ou a normativa que no seu momento se encontre en vigor.

### **Na oferta os licitadores indicarán a calidade e descrición técnica do gasóleo e da gasolina sen chumbo 95 a subministrar.**

As empresas nas súas ofertas económicas indicarán a porcentaxe de desconto por litro subministrado en cada tipo de combustible sobre o prezo de venda ó público vixente en cada momento. O prezo establecerase en Euros/litros con tres decimais.

### 4. PREZO

A oferta será a porcentaxe de desconto sobre os prezos medios de carburantes e combustibles da provincia da Coruña do mes correspondente publicados na páxina do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (enerxía/informes/informes mensuais prezos carburantes) de venda ó público, expresados en % que se indicará **tres cifras decimais, tanto para o Gasóleo A como para a gasolina sen chumbo 95.**

A empresa adxudicataria deberá comunicar con antelación á administración municipal todo cambio que experimenten os prezos dos combustibles, tanto a alza como a baixa, que deberán coincidir de acordo cos prezos reflectidos na páxina web **do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (enerxía/informes/informes mensuais prezos carburantes)**

En caso de que por parte da empresa adxudicataria se levara a cabo calquer promoción dos seus produtos mediante descontos especiais superiores á oferta presentada nesta licitación, aplicarase automaticamente e durante o tempo da mesma, o desconto de dita promoción, sempre que en virtude desta o prezo a aboar resulte inferior ó fixado como consecuencia da presente licitación

Enténdese que para todos os efectos nas ofertas estarán incluídos todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento das prestacións contratadas como son os xenerais, financeiros, seguros, embalaxes, transportes, desprazamentos, honorarios do persoal ao seu cargo, de comprobación, de ensaio, taxas, e calquera que puidesen establecerse ou modificarse durante a vixencia do contrato.

## **5. DURACIÓN E PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO**

O prazo de duración do contrato será de **dous anos**, dende a súa formalización, con posibilidade dunha prórroga dun ano ata alcanzar un total de tres anos, por mutuo acordo das partes antes da finalización do prazo inicial.

## **6. DETERMINACIÓN DO PREZO DO CONTRATO**

Dado que o prezo dos combustibles é variable ao longo do tempo, non é posible determinar un prezo fixo para a subministración anual. O prezo varia en función dunha serie de variables como son:

- A cotización internacional do cru.
- A cotización internacional de produtos.
- A marxe de distribución e comercialización.
- Os impostos vixentes. Só a marxe de distribución e comercialización é variable e suxeita a oferta.

Do mesmo modo non é posible fixar un volume total de consumo xa que en moitas ocasións virá determinado polas posibles variacións no réxime de funcionamento. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 88 apartado 5 a do TRLCSP, tendo en consideración o valor real total dos consumos nas anualidades anteriores, fíxase como valor provisional, xa que o presente contrato versa sobre prezos e non sobre un importe total.

O valor estimado do contrato, incluíndo o importe total do prazo inicial de duración como as eventuais prórrogas (1), é de 134.112,14 € ao que se sumará o 21% IVE por valor de 28.163,55 € o que supón un total de 162.275,69 €.

## **7. CRITERIOS DE VALORACIÓN**

Os criterio de valoración das ofertas será a oferta económica máis vantaxosa (**% de desconto sobre o prezo de venda ao público, que será a media de prezos da provincia da Coruña publicada na páxina: do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (enerxía/informes/informes mensuais prezos carburantes)**)

**( A % de desconto indicárase con tres cifras decimais), tanto para gasóleo A como para a gasolina sen chumbo 95.**

### **GASÓLEO A: 90 puntos**

90 puntos á maior porcentaxe de baixa ofertada, outorgándolle ao resto de licitadores a puntuación de xeito proporcional do seguinte xeito:

(porcentaxe de baixa ofertada X 90 puntos/máior porcentaxe de baixa ofertada)

### **GASOLINA SEN CHUMBO 95: 10 puntos**

10 puntos á maior porcentaxe de baixa ofertada, outorgándolle ao resto de licitadores a puntuación de xeito proporcional do seguinte xeito:

(porcentaxe de baixa ofertada X 10 puntos/máior porcentaxe de baixa ofertada)

## 8. FORMA DE EFECTUAR A SUBMINISTRACIÓN

A empresa que resulte adxudicataria do presente contrato terá a obriga de atender a todos e cada un dos vehículos enumerados no cadro anexo a este prego ademáis de todos aqueles vehículos que durante a vixencia do contrato poidan incorporarse ao mesmo, os cales deberán ser notificados á empresa adxudicataria

A repostaxe do combustible realizarase nas estacións de servizo ou punto de subministro referenciado na súa oferta.

Será requisito imprescindible que as empresas que se presenten á licitación teñan, polo menos unha estación de servizo ou punto de subministro nun radio máximo de 5 Km. dende a nave de obras do Concello de Ames, situada na Avenida da Maía 22 en Bertamiráns, cun horario de funcionamento ininterrompido dende as 8:00 horas ata as 22:00 horas, incluídos días festivos.

## 9. FORMA DE PAGAMENTO

A forma de pagamento será mensual e efectuarase da seguinte forma:

Emitiranse facturas mensuais analizadas por cada Servizo ou departamento de acordo coa relación que o Concello de Ames lle facilite ao adxudicatario.

Cada factura virá acompañada dun informe no que conste de forma detallada e individualizada a seguinte información do vehículo:

Dirección da Estación de Servizo ou punto de subministración

Matrícula do vehículo no que se realiza a subministración

Data e hora da subministración

Litros e tipo de combustible repostado

Importe total

Firma do expendedor

Firma do conductor que reposta

**Con indicación do prezo medio da provincia da Coruña publicado na páxina do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (enerxía/informes/informes mensuais prezos carburantes)**

O responsable da subministración conformará as devanditas facturas se a subministración foi satisfactoria.

## 10. PARQUE MÓBIL MUNICIPAL

O Concello de Ames facilitará ao adxudicatario unha lista de vehículos do Concello, indicando o servizo ou área á que pertencen, para que a empresa adxudicataria teña coñecemento dos vehículos autorizados para a subministración de combustible. A devandita lista poderá ser modificada, incluír novos vehículos ou ben dar outros de baixa. As devanditas modificacións serán sempre aceptadas pola empresa adxudicataria, sen custo ningún para a Administración Municipal.

## 11. COORDINADOR DO CONTRATO

A adxudicataria procederá a designación dun coordinador para a execución do contrato. Dito coordinador será o interlocutor co concello de Ames para o control e supervisión da execución do contrato.

## 12. SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

A adxudicataria deberá presentar con carácter previo ao inicio da execución do contrato copia de póliza de seguros de responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 euros, así como recibo acreditativo de atoparse ao corrente do pago da mesma

